



Comités Abertos  
de Escola e Facultade  
www.comitesabertos.org



Á/A da/o redactora xefa/e

Os Comités Abertos de Escola e Facultade, organización maioritaria do estudiantado galego, e Galiza Nova, organización Xuvenil do BNG, poñémonos en comunicación co seu medio para transmitirilles a nosa posición contraria á suba das taxas académicas para o vindeiro curso anunciada pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria onte en rolda de prensa:

### **1. Porque supón unha suba excesiva, 1,6 puntos por riba do IPC**

O abano que se tiña ía desde o IPC estatal desde o 30/04/06 até 30/04/07 (2,4%) até catro puntos por riba dese IPC, mais o IPC Galego ascende este ano a un 2% portanto estanse incrementando os prezos públicos o duplo que o IPC na Galiza.

### **2. Porque sería o sexto ano consecutivo subindo por riba do IPC**

O goberno do PP na Xunta de Galiza tirouse toda a lexislatura pasada subindo as taxas por riba do IPC coa excusa de que a nosa Comunidade Autónoma tiña unhas das máis baixas do estado, sen querer fixarse en que tamén as rendas galegas son das máis baixas. Portanto non atopamos diferenzas entre a política de taxas do PP e a do PSOE chegando incluso a superar este ano os ritmos de crecemento máis exaxerados da etapa anterior.

### **3. Porque non temos o control sobre as bolsas que eximen de pagar estas taxas**

Só as bolsas do MEC eximen do pago das taxas logo non ten sentido xustificar unha suba tan brutal dos prezos públicos en base a un aumento das bolsas, afirmación que tamén é falsa xa que non é a mesma Administración a que sube as taxas que a que xestiona as bolsas. É absolutamente regresivo subir as taxas por riba do IPC se non podes xestionar a política de bolsas.

### **4. Porque pagamos máis taxas por menos e peores servizos**

Recente temos todos o desmantelamento do Sistema Universitario de Residencias da USC coa supresión de 380 prazas de residencias, a externalización de todos os servizos de comedores, reprografías e incluso aulas de internet. Temos unha Universidade cada vez máis cara e con menos e peores servizos.

### **5. Porque é mentira que estas subidas non se noten**

Sempre nos venden que unha suba progresiva coma esta, sen grandes saltos (segundo o criterio de quen o mire) non se notan, pois ben, é rotundamente falso tamén, só nunha xeración de licenciados (5 anos) a diferenza entre a primeira matrícula dun estudante que comezou hai cinco anos e a dun que comece agora é de máis de 120 (crédito non experimental, é dicir, o máis barato).

### **6. Porque desta volta a segunda matrícula e un 15 % máis cara que a primeira e a terceira un 35%**

É terriblemente abusivo grabarlle a unha persoa por segunda matrícula, calquera pode ter un mal ano o atragantárselle unha materia sen necesidade de que a universidade se lucre á súa costa, é a primeira vez que se fai isto, e é tremendamente regresivo e inxusto.

Tamén pasa dun 25 a un 35 % a terceira matrícula, que aínda podendo entender que poida ser un pouco máis cara é incomprendible un aumento tan desproporcionado.

Incalificábel resulta que quen se matricule dunha materia máis de 3 veces teña que pagar un 50% máis por crédito, en ningunha Comunidade Autónoma pasou isto no curso 2006-2007.

### **7. Porque o estado fixa o incremento mínimo no IPC estatal**

Tampouco entendemos que o estado poña límites por baixo ás Comunidades Autónomas, evitando que poidan exercer unha mínima política de taxas o baremo establecido non permite que ningunha Comunidade Autónoma poida corrixir aumentos excesivos das taxas en base a unha conxelación da súa suba.

### **9. Porque o financiamento das universidades ten que incrementarse con cargo a un PLANO DE FINANCIAMENTO e non aos prezos públicos**

Non é comprensíbel que dous anos despois do acceso do PSOE a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria non se tivera reformulado o Plano de Financiamento das Universidades do SUG, ao que por certo se opuxeron no seu día e o único que se lles ocorre para aumentar os recursos das Universidades é subir o prezo que pagamos por elas.

Sen nengún outro particular reciba un cordial saúdo.

Asinado